



FUNDACIÓN PENZOL

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2022

I. MEMBROS DO PADROADO: RECOÑECEMENTOS, NOMEAMENTOS

8 DE MARZO. A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo deu ao seu “Premio de Investigación Xurídica en Galego” o nome de quen foi o noso padroeiro, escritor, lexicógrafo e avogado, Xosé L. Franco Grande. Asistiron a padroeira Inma Valeixe e os padroeiros Xavier Martínez Cobas, Xosé Manuel Soutullo e Manuel Puga.

9 DE MARZO. Acto en lembranza de Carlos Casares, quen foi padroeiro da nosa Fundación, no cemiterio de San Fiz en Nigrán aos 20 anos do seu falecemento. Ao acto asistiron os padroeiros Antón Vidal Andión, Francisco Domínguez e Xosé M. Soutullo e mais das padroeiras María Dolores Cabrera e Rosario Álvarez.

28 DE ABRIL. Silvestre Gómez Xurxo, representante da Fundación no Consello da Cultura Galega, foi elixido secretario da institución polo seu Plenario.

28 DE NOVIEMBRE. O Parlamento de Galicia organizou o acto de homenaxe “20 anos sen Carlos Casares”, que moderou a presidenta do Consello da Cultura Galega e padroeira

da nosa Fundación Rosario Álvarez Blanco. Asistiron os padroeiros Manuel Puga, Antón Vidal, Xesús Alonso Montero e Xosé Manuel Soutullo.

20 DE DECEMBRO. A Xunta Xeral do Padroado nomea a María Dolores Cabrera vicepresidenta segunda da Fundación.

II. ACTIVIDADES CULTURAIS

21 DE ABRIL A 26 DE XUÑO. Mostra bibliográfica e documental dedicada ao homenaxeado co Día das Letras Galegas, Florencio Delgado Gurriarán, no vestíbulo da sede da Fundación. No acto de inauguración interviron Malores Villanueva, o concelleiro de Cultura, Abel Losada, Ricardo Gurriarán, e o presidente, Manuel Puga Pereira. A selección e organización dos materiais foi realizada polas padroeiras María Dolores Cabrera e María Dolores Villanueva, que contaron coa colaboración do persoal técnico da Casa Galega da Cultura, así como de Editorial Galaxia na preparación dalgúns dos materiais gráficos.

4 DE MAIO. O director, Xosé Manuel Soutullo, interveu, en representación da Fundación e de Editorial Galaxia, no acto de inauguración da exposición “Florencio Delgado Gurriarán. Bebedeira de ensoños” no Barco de Valdeorras. No acto tamén participaron Anxo Lorenzo, secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia; Ricardo Gurriarán, comisario da exposición; Víctor F. Freixanes, presidente da RAG; César Fernández, vicepresidente da Deputación de Ourense; Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, e Alfredo García, alcalde do Barco de Valdeorras.

7 DE OUTUBRO A 10 DE NOVEMBRO. Exposición “María do Carme Kruckenberg: vivir, unha aventura irrepitíbel”, na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo, comisariada por Mercedes Queixas Zas, coa colaboración de María Dolores Cabrera e Xosé Manuel Soutullo, así como do persoal técnico da Casa Galega da Cultura, sede da Fundación Penzol, onde está depositada a doazón que en 2015, realizou a súa herdeira, Cristina Pusone Kruckenberg, dun importante fondo documental pertencente á escritora. O acto contou

cunha numerosa asistencia, que seguiu as intervencións da comisaria da exposición, Mercedes Queixas; da filla da escritora, Cristina Pusone Kruckenberg; do noso presidente, Manuel Puga Pereira, e das da presidenta do Goberno provincial, Carmela Silva e mais do alcalde de Vigo, Abel Caballero. A mostra contou cunha suvención da Deputación de Pontevedra.

III. RELACIÓNS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS E ACTIVIDADES COAS QUE COLABOROU OU PARTICIPOU A FUNDACIÓN PENZOL

27 DE XANEIRO. Asinouse un convenio de colaboración coa Editorial Galaxia polo cal esta facilita un espazo para depósito temporal de parte do legado de Alfonso Zulueta. O convenio contempla, entre outros apartados, acceder aos fondos a persoas debidamente autorizadas pola Fundación.

26 DE MAIO. O presidente Manuel Puga participou, en representación da nosa Fundación, na reunión ordinaria do Padroado da Fundación Carlos Casares.

30 DE NOVEMBRO. Asinouse un convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo e a nosa Fundación para a realización de prácticas académicas externas por parte do seu estudantado.

* * *

Colaborouse co préstamo de materiais bibliográficos e documentais nas exposicións:

— “Símbolos xacobeos e imaxes de Santiago nos impresos do barroco compostelán” (Ourense), do 15-IX-2021 ao 15-I-2022. Organizada polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

— “Ferrol e os libros: a edición na cidade (1803-2019)” (Ferrol), do 1-X-2021 ao 25-

II-2022. Organizada pola Biblioteca Municipal de Ferrol.

— “Francisco Fernández del Riego: nos vieiros da arte galega” (Vigo), do 26-XI-2021 ao 7-I-2024. Organizada polo Museo Municipal Quiñones de León.

— “O poder da palabra: 40 anos do Parlamento de Galicia, 1981-2021” (Santiago de Compostela e outras localidades), do 15-XII-2021 ao 31-IV-2023. Organizada polo Parlamento de Galicia.

— “Santiago no tempo” (Santiago de Compostela), do 3-VI ao 10-IX-2022. Organizada pola a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, en colaboración coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Afundación (Fundación Galicia Obra Social) dentro do ciclo expositivo “Cidades no tempo”.

— “Materiais. Seoane: na encrucillada do moderno” (Buenos Aires), do 20-VII ao 30-XI-2022. Organizada polo Consello da Cultura Galega en colaboración co Goberno da Cidade de Buenos Aires.

— “A Galicia deseñada: símbolos, marcas e identidades gráficas” (A Coruña), do 14-X-2022 ao 13-I-2023. Organizada pola Universidade da Coruña.

IV. DIFUSIÓN

Boletín *Novas Penzol*

Os boletíns *Novas Penzol* seguen a difundir os nosos fondos bibliográficos e documentais, complementados cos da biblioteca-arquivo Francisco Fernández del Riego, compañeira de sede. Grazas ao labor do noso padroeiro Silvestre Gómez Xurxo e ao apoio do noso persoal técnico, durante o ano 2022, saíron estes números:

— “Florencio Delgado Gurriarán”, número 25-1, xaneiro.

- “Florencio Delgado Gurriarán”, número 25-2, marzo.
- “Doazón de X. M. García Crego”, número 26, novembro.

Facebook e Instagram

Publicáronse 67 notas informativas en Facebook.

A 31 de decembro, o Facebook contaba con 1.860 seguidores e Instagram, 355.

Visitas ás intalacións

30 DE MARZO. Visita do Grupo de Maiores da UNED, do curso “Vigo: Historia e Patrimonio”, acompañados pola profesora Puri Pérez González. Foron recibidos polo director, Xosé Manuel Soutullo, e fixo de guía o padroeiro Francisco Domínguez.

20 DE SETEMBRO. Luís Quinteiro Fiúza, bispo da diocese de Tui-Vigo, acompañado do seu secretario, Emilio Veiga, realizou unha visita ás nosas instalacións. Foi recibido polo presidente, Manuel Puga, o director, Xosé M. Soutullo, e o padroeiro Xosé Francisco Domínguez, quen se encargou da visita guiada.

26 DE SETEMBRO. Visita de alumnado do Instituto Argentino Gallego Santiago Apóstol de Buenos Aires, coas profesoras Ángeles Sananez e Vanesa Herlein. Ao remate da visita, deixaron como agasallo unha tinta da artista arxentina Lara Palma. Guiounos na visita, o director, Xosé Manuel Soutullo.

27 DE OUTUBRO. Visita de Xosé Luís Fernández Rivera e Xosé López González, representantes da Mesa Coordinadora D. Paco, de Vilanova de Lourenzá para intercambiar información e estudar proxectos de colaboración para o ano 2023 ao redor da figura de Francisco Fernández del Riego. Foron recibidos polo presidente, Manuel Puga; o vicepresidente primeiro, Antón Vidal; a secretaria, Malores Villanueva; o director, Xosé Manuel Soutullo, e mais o padroeiro Francisco Domínguez.

9 DE NOVIEMBRE. O alumnado de cuarto da ESO do IES Álvaro Cunqueiro, acompañado por varias profesoras, entre elas a nosa secretaria, María Dolores Villanueva, fixeron una visita ás nosas instalacións. Foron recibidos e guiados no percorrido por Xosé Manuel Soutullo.

11 DE NOVIEMBRE. Xosé María Argibay Torre, Ana Cristina Juncal Blanco, Alberto Pérez Abreu e Carlos Blanco García, directivos do grupo Arnoia. Distribución de Libros, visitáronnos na nosa sede. Recibíronos o presidente, Manuel Puga; o vicepresidente primeiro, Antón Vidal, e o director, Xosé Manuel Soutullo.

30 DE NOVIEMBRE. Acompañados pola profesora da UNED, Puri Pérez González, visitaron as nosas instalacións as alumnas e alumnos do curso “Vigo, historia e patrimonio”. Recibiunos Xosé Manuel Soutullo.

V. BIBLIOTECA

Novos ingresos

Monografías rexistradas: 886 títulos

Revistas rexistradas: 31 títulos

Catalogación informatizada de fondos bibliográficos

Monografías: 1.888 rexistros

Revistas: 46 rexistros

VI. ARQUIVO

Novos ingresos

Fondos arquivísticos

— Nova achega de documentación ao FONDO XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ. Doadada por Xosé María Álvarez Cáccamo en xaneiro de 2022. Non ingresa a correspondencia, dixitalizada polo Consello da Cultura Galega e en poder da familia (http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistolario.php?epistolario=7048)

— Doazón do FONDO PERSOAL DE XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO. Ingresada da man do propio Xosé María en tres entregas de documentación, a primeira o 26 de maio de 2022 e a derradeira o 17 de novembro de 2022.

— Xosé Manuel García Crego asinou, xunto co noso presidente o documento de doazón dun FONDO DOCUMENTAL QUE, ADEMAIS DA FAMILIA GARCÍA CREGO (os irmáns Xosé Manuel, Emilio e Luís, falecido en 2014), tamén achega documentos procedentes das familias Cid Cabido (Sara, Lucía e Xosé Cid Cabido) e López García (María Llanos García e Vicente López). O arquivo componse, principalmente, de documentación da Unión do Pobo Galego e do Movemento Nacional-Popular Galego.

Ingresos sen consideración de fondos

18 DE MARZO. Rosario Isorna, sobriña do franciscano padre Xosé Isorna, entregou sete cartas manuscritas de Otero Pedrayo dirixidas a el, datadas entre 1969 e 1974, ademais dalgúns mecanoscritos de Otero —entre eles, unha conferencia impartida no convento de San Francisco, en Compostela, o 25-IV-1956, titulada “Cultura y civilización del siglo XV— e duns poemas de Paz-Andrade, de 1976, e dous retratos con marco de Enrique e Eladia, pais de Otero.

7 DE XUÑO. O padroeiro Manuel Meixide Vecino doou unha colección de sete follas voandeiras numeradas conmemorativas do “Día de Galiza”, editadas polo Grupo de Ourense das Mocidades Galeguistas, que no recto publican textos e poemas sen indicación

de autoría; no verso, publicidade en galego. A folla número 1 data de 1934. Ademais tamén entregou un folleto da mesma organización con motivo do centenario de Manuel Murguía.

Descrición de fondos

— FONDO DA FAMILIA ARIAS TEIXEIRO. Rematáronse os traballos, iniciados en 2021, de descrición de 3,75 metros lineais de volume para un total de 1.266 rexistros descritivos.

— FONDO IRMÁNS VILLAR PONTE. Descrición realizada por Ana Isabel Pontes Lamas, arquivista contratada grazas á concesión das axudas en materia de arquivos da Xunta de Galicia para o ano 2022. Descríbóronse 232 rexistros cun volume de 0,6 metros lineais.

— FONDO MANUEL RODRIGUES LAPA. En colaboración co Consello da Cultura Galega e da arquivista Rosa Loureiro Bada, contratada por esta institución, quen se encargou da documentación pertencente á sección “Actividade de creación intelectual”. Fondo cun volume de 2,3 metros lineais, dos que resultaron un total de 473 rexistros descritivos.

— FONDO FRANCISCO TETTAMANCY GASTÓN. Cun volume de 0,3 metros lineais para un total de 50 rexistros descritivos.

— FONDO CARLOS VELO COBELAS. Descrición a nivel de serie realizada por Adán Romero López, alumno do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural da Universidade de Santiago de Compostela. Volume de 0,23 metros lineais, dos que resultaron 19 rexistros descritivos.

Fondos de arquivo na aplicación informática A3000

Descricións documentais

Ao peche do ano 2022 figuraban na base de datos 26.949 rexistros, dos que 21.198 estan dispoñibles a través do portal.

Os números comprenden conxuntamente os Arquivos Penzol e Fernández del Riego. Desagregando os datos, para o Arquivo Penzol figuran un total de 21.173 rexistros, dos cales 17.737 están dispoñibles a través do portal.

Durante o ano 2022 realizáronse un total de 2.095 rexistros descritivos correspondentes ás agrupacións que van de fondo a unidade documental.

Índices e autoridades

A 31 de decembro de 2022 figuran un total de 13.961 rexistros, dos cales 1.276 corresponden a descrições de autoridade realizadas en 2022.

Os números comprenden conxuntamente os Arquivos Penzol e Fernández del Riego, no caso das autoridades e índices non é posible ofrecer datos separados por arquivo.

Documentos dixitalizados de acceso en liña

Suman un total de 1.777 rexistros, con imaxes asociadas para a consulta directa.

Outros traballos

— Modificación do cadro de clasificación para os arquivos persoais. Modificáronse algúns aspectos do modelo de cadro de clasificación elaborado por Olga Gallego e Pedro López para o conxunto dos arquivos persoais priorizando o criterio funcional. Adaptáronse ao novo modelo a meirande parte das clasificacións de fondos persoais.

— No mes de xullo remata a restauración, iniciada en 2021, de textos de Álvaro

Cunqueiro: notas, apuntes, debuxos e poemas soltos, realizada pola especialista Laura Sánchez García. O gasto foi custeado pola Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

— No mes de outubro iniciáronse os traballos para a implantación na aplicación de arquivo do protocolo OAI-PMH, inicialmente co obxecto do envío de datos e recolección por parte do portal Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia.

VII. DOADORES

Particulares

Afonso Vázquez-Monxardín
Alfonso Zulueta (Fondo)
Amancio Liñares Giraut
Antón Costa Rico
Antón Mascato
Antón Vidal Andión
Antonio Graña Graña
Avelino Pousa Antelo (Fondo)
Benigno Fernández Salgado
Bernardo Máiz Vázquez
Blanca Gefaell Chamochín
Carlos Lema Devesa
Carmen Manso Porto
Carmen Pérez Pais
Daniel Soutullo
Emilio Álvarez Blázquez (Fondo)
Emilio Xosé Insua López
Francisco Candeira Mosquera
José Luis Soto Pérez

José R. Estévez Pérez
Julia Comesaña Domínguez
Julián García Bengoechea
Laura Casal
Manuel Díaz Regueiro
Manuel Lafuente (Fondo)
Manuel Martínez Torres
Manuel Meixide
Manuel Puga Pereira
Manuel Rodrigues Lapa (Fondo)
María Dolores Cabrera
Marián Vidal Fraile
Miguel Vázquez Carballeda
Nones Araújo
Óscar Díaz Fouces
Francisco Domínguez Martínez
Rafael Silva Costoyas
Rafael Vallejo Pousada
Ramón Nicolás
Ramón Villar Ponte (Fondo)
Ramón Villares
Roberto González Pastoriza (Fondo)
Rosario Martínez Martínez
Silvestre Gómez Xurxo
Xavier Castro
Xavier Martínez Cobas
Xerardo Dasairas
Xerardo Pereiro
Xesús González Gómez

Xesús Antonio Gulías Lamas
Xoán Vicente Viqueira (Fondo)
Xosé Antonio Fernández Salgado
Xosé Manuel Moreira Docampo
Xosé Manuel Soutullo
Xulio Ríos
Xulián Parga Rodríguez

Editoriais

Alvarellos
Chan da Pólvora
Edicións Xerais de Galicia
Galaxia
Sept

Revistas

Anuario Brigantino
Club Peña Trevinca
Encrucillada
Industria Conservera
Industrias Pesqueras
Irimia
Labirinto
Raigame

Institucións

Academia de Farmacia de Galicia
Anfaco-Cecopesca
Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Asociación de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia
Asociación Irimia
Centro Ramón Piñeiro
Concello da Coruña
Concello de Ames
Concello de Redondela
Concello de Vigo
Consello da Cultura Galega
Deputación da Coruña
Deputación de Lugo
Deputación de Ourense
Deputación de Pontevedra
Fundación Barrié de la Maza
Fundación Cidade da Cultura
Fundación L. Monteagudo
Fundación Otero Pedrayo
Fundación Vicente Risco
gacencia
Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento
Instituto de Estudios Carballiñeses
Instituto de Estudios Vigueses
Museo Arqueolóxico de Ourense
Museo Etnolóxico de Ribadavia
Real Academia Galega de Ciencias
Real Academia Galega
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo
Valedor do Cidadán de Vigo

VIII. PRÉSTAMOS BIBLIOGRÁFICOS E DOCUMENTAIS

O préstamo de orixinais da biblioteca e do arquivo para a edición de facsímiles, publicacións, reproducións gráficas e audiovisuais, así como para o desenvolvemento de exposicións, supón unha contribución imprescindible para algunhas iniciativas culturais organizadas por diversas institucións públicas e privadas.

Préstamos 2021	Total pezas
Traballos editoriais e difusión	74
Exposicións	140

IX. ESTATÍSTICAS

En 2022, os servizos de biblioteca e arquivo, por razóns de tipo técnico, só estiveron abertos ao público na quenda de mañá.

Servizo de consulta en sala: usuarios por tipoloxía de consultas

2022	Tese	Investigación	Traballo académico	Outros	Total usuarios
Totais	5	147	23	162	337

Servizo de consulta en sala: tipoloxía de materiais

2022	Libros	Revistas	Arquivo	Total consultas
Totais	920	254	329	1.503

Consultas non presenciais (web, correo-e, teléfono)

* De arquivo: 14.627

* De biblioteca: 16.534

Número de usuarios do servizo de información bibliográfico-documental non presencial

* De arquivo: 269

* De biblioteca: 136

Servizo de copia das coleccións (dixitalizacións e fotocopias)

* Número de copias: 2.242

* Número de usuarios: 112

Temas de consultas e investigacións

O detalle dos temas das pescudas neste centro gárdase no arquivo da Fundación Penzol. Dispoñible para persoas interesadas.

IX. PERSOAL

Ana Isabel Pontes Lamas, ao abeiro das axudas da Xunta de Galicia en materia de arquivos, colaborou na organización do fondo Ramón Villar Ponte, 28 de abril ao 3 de xuño. Estaba previsto que esta actividade a desenvolvese o noso prezado colaborador o arquivista Gregorio Casado, quen tristemente faleceu o 8 de abril.

Estiveron de reforzo, como persoal subalterno do concello de Vigo, Rocío Conde Miguélez, do 20 de xuño ao 29 de setembro, e Daniel López Davila, do 8 ao 28 de novembro.

Rosa María Loureiro Bada, arquivista contratada polo Consello da Cultura Galega, para descrición do fondo Manuel Rodríguez Lapa, desde 3 de agosto ao 15 de setembro.

Adán Romero López, alumno de grao da USC, colaborou na organización do fondo Carlos Velo do 8 de agosto ao 2 de setembro.

Nuria Molina Magdalena e Javier Vázquez Rodríguez estiveron como ordenanzas cun contrato de seis meses do Concello de Vigo, que empezou o 26 de xullo de 2022 ata 25 de xaneiro de 2023.

O 8 de novembro, incorporouse por tres semanas, procedente da Área de Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, o subalterno Daniel Davila.